

IGAXES, ARTEFEITO E CULTURACTIVA PRESENTAN:

# SOMOS

UNIDADE DIDÁCTICA



# INSTRUCCIÓN DE USO



A obra de Teatro Soños pretende desestigmatizar á mocidade tutelada e abordar problemas habituais dentro das aulas. Para conseguilo acompañamos o visionado da obra con esta unidade didáctica e cunha enquisa que se pasará antes e despois de todo o proceso.

## ANTES DE ASISTIR AO TEATRO

- 1\_ Antes de ver a obra e de comezar a traballar coa unidade didáctica a rapazada debe cubrir a enquisa que atoparedes no seguinte QR



- 2- Tamén antes da asistencia ao teatro débense completar na aula as dinámicas 1 e 2

## DESPOIS DE ASISTIR AO TEATRO

- 3\_ Completamos na aula as dinámicas 3 e 4
- 4- Pasamos de novo a enquisa que atoparás no QR, así poderemos medir e valorar o impacto e utilidade de accións deste tipo na desestigmatización da rapazada. Moitas grazas pola túa axuda.

**Edita e coordina** Igaxes

**Elaboración dos contidos** Raquel Veiga Teijeiro e Noelia Darriba García. *AtalaiAS*

**Deseño e maquetaxe** Marta Conde Domínguez. *Conxenía*

**Revisión lingüística** Marta Pastoriza Ares. *Lingua Trabada*

Todos os dereitos reservados. Queda prohibida a reprodución, distribución, comunicación ou transferencia sen a autorización de Igaxes.

Esta publicación fíxose co apoio financeiro de:

# **UNIDADE DIDÁCTICA.**

## **Soños**

# Índice

<b>SOMOS .....</b>	<b>5</b>
<b>SOÑAMOS.....</b>	<b>9</b>
<b>Obxectivos .....</b>	<b>11</b>
<b>Poboación destinataria.....</b>	<b>11</b>
<b>Competencias clave.....</b>	<b>11</b>
<b>Apuntamentos metodolóxicos.....</b>	<b>12</b>
<b>SOÑOS COMPARTIDOS.....</b>	<b>14</b>
<b>DINÁMICA 1: Primeiras impresións .....</b>	<b>17</b>
<b>DINÁMICA 2: De que dependen os sonhos? .....</b>	<b>19</b>
<b>DINÁMICA 3: Comprender a situación .....</b>	<b>22</b>
<b>DINÁMICA 4: Actuar en consecuencia.....</b>	<b>24</b>

# **SOMOS**

*(Parte 1)*

**Igaxes** é unha ONG que leva 20 anos a traballar polos dereitos da infancia e da xuventude en situación vulnerable en Galicia. Somos moitas persoas a loitar xuntas para lograr cambios decisivos nas vidas de moitas crianzas, mozas e mozos en Galicia.

Sabemos que a exclusión social é un ciclo que se pode transmitir dunha xeración a outra. Por iso, para que esta roda deixe de xirar, é preciso que cada crianza poida contar con apoio dende a infancia e ata a idade adulta. Deben crecer sentíndose queridas e estimuladas, con oportunidades para aprender e desenvolverse. E contando sempre con persoas nas que confiar.

Aspiramos a unha sociedade na que ningunha rapaza ou rapaz se vexa privado de futuro polo feito de nacer en desvantaxe. Así que actuamos cada día para que se cumpra o seu dereito a perseguir as súas propias metas. Cremos neles e no seu potencial e estamos ao seu carón ata que poden voar sen axuda.

Este ano, no que ademais se cumpren 25 anos da creación do Programa Mentor, aliámonos co mundo do teatro para abrir as portas dunha vivenda tutelada. Queremos camiñar cara á empatía do público espectador e achegármonos ao maior número de persoas posible.

**Culturactiva ScoopGalega** é unha cooperativa que cre na cultura como motor de cambio, como ferramenta para mellorar a sociedade. Esa é a razón pola que nos erguemos cada día dende hai máis de 20 anos para traballar na xestión cultural, o teatro, a música, o circo, a produción escénica e musical, a distribución, a xestión integral de programacións e a

organización de festivais e proxectos culturais. Así achegamos solucións reais ás necesidades das programadoras de entidades e institucións galegas e estatais.

Somos un grupo de pequenas empresas cooperativas pero, sobre todo, somos un único equipo de traballadoras que funciona en rede de forma colaborativa. Complementamos a xestión cultural, a venda, a produción, a comunicación e a administración de proxectos culturais tanto dentro como fóra de Galicia e acompañamos a máis de 100 artistas de diferentes xeografías, estilos e linguas.

**Artefeito ScoopGalega** é unha cooperativa irmá especializada que forma parte do noso grupo de creación e produción cultural.

## O PROGRAMA MENTOR

Mentor é un programa dedicado ás mozas e mozos que afrontan a recta final do seu paso polo sistema de protección de menores. A súa emancipación é un salto sen rede, xa que a maioría carecen de apoio familiar. Para afrontalo necesitan seguridade e confianza, pero tamén recursos e apoio constante.

Por iso Mentor é unha solución que reúne vivenda, manutención, formación e acceso ao emprego. Trátase de que todas as mozas e mozos poidan vivir nun ambiente seguro, alentador e autoxestionado. E que cadaquén poida sentirse parte dun grupo mentres se prepara para construír o futuro que quere para si.



## FICHA TÉCNICA

### Título

Soños

### Duración

60 minutos

### Impulsa

Igaxes, Artefeito e Culturactiva S. Coop. Galega

### Dramaturxia e dirección

Tamara Canosa

### Texto

Fernando Epelde

### Elenco

Victoria Pérez, Anxo Outumuro,  
Sara Ferro

### Espazo sonoro

Jas Procesor

### Deseño de escenografía e iluminación

Violeta Martínez

### Escenografía

Titeres Alakran

### Deseño e fotografía


Rocío Cibes

### Responsable técnico

Iván Rodríguez

### Apoia

Cultura da Deputación da  
Coruña



### Descrición

Soños non é só unha obra de teatro, senón unha recompilación de historias, esperanzas e realidades dunhas mozas e mozos que sofren especialmente pola ausencia do apoio máis importante: o familiar. Soños cóntanos como é a vida desta mocidade nunha vivenda de transición á vida adulta. É unha obra que busca desestigmatizar esta xuventude. A primeira representación escénica que amosará a realidade dun piso tutelado dende unha perspectiva realista. Unha gran colaboración e intercambio de ideas entre equipo artístico, rapazada e educadoras do Programa Mentor.

# SOÑAMOS

(Parte2 )

Os prexuízos cara á mocidade en situación de tutela aínda se viven en moitos ámbitos da sociedade. Delincuencia ou comportamentos agresivos son estigmas inxustos que etiquetan a adolescentes e crianzas a quen simplemente lles tocou vivir unha situación máis difícil. Os estigmas engaden máis peso á desigualdade social que xa padecen estes rapaces e rapazas.

O contexto educativo é idóneo para traballar contra este estigma e derrubar mitos e estereotipos que lle axuden ao alumnado a entender as realidades das mozas e mozos tutelados. Trátase, por unha banda, de ensinar e poñer en práctica valores coma o respecto, a empatía e a solidariedade, que fomenten relacións saudables, positivas, baseadas na escoita reflexiva e no coñecemento de realidades distintas ás propias en moitos casos; crear relacións de botrato que liberen a infancia e a mocidade tutelada de etiquetas inxustas. Por outra banda, búscase acompañar estas rapazas e rapaces, que non contan co apoio familiar necesario, cunha rede que lles axude emocionalmente na súa esfera persoal, relacional e social, para que poidan sentir confianza, seguridade e ilusión por construír a vida que desexan e soñan.

Soñar con outro modelo de sociedade é permitir que todas as persoas entendamos que debemos contar cun trato digno, co apoio necesario para desenvolvernos e poder vivir en igualdade de condicións e oportunidades a vida que merecemos.

**Soñamos?**

## Obxectivos

### Obxectivo xeral

Derrubar os mitos que existen sobre a mocidade tutelada.

### Obxectivos específicos

- Crear un espazo de reflexión sobre a vida e os estigmas das mozas e mozos que viven tutelados.
- Repensar as nosas propias crenzas e actitudes sobre a mocidade tutelada.
  - Traballar o respecto pola diversidade, entendendo que todas as persoas somos únicas, irrepitibles e diversas no máis amplo sentido da palabra.
- Fomentar a comunicación asertiva e as relacións de botrato (coas persoas tuteladas) entre o alumnado e o profesorado.

## Poboación destinataria

A poboación á que vai destinada é o 2º ciclo da educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos de formación profesional básica e ciclos de formación profesional.

## Competencias clave

### Competencias en comunicación lingüística

Significa interactuar oralmente, por escrito, mediante signos ou multimodal de forma coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes finalidades comunicativas. Supón mobilizar conscientemente o conxunto de coñecementos, habilidades e actitudes que permiten

comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, mediante signos ou multimodais. Isto evita riscos de manipulación e desinformación e axuda a comunicarse de forma eficaz con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

### **Competencias persoais, sociais e de aprender a aprender**

Implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para coñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información de forma eficaz; colaborar con outras persoas de forma construtiva; manter a resistencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.

### **Competencias cidadás**

Axuda ao estudiantado a exercer unha cidadanía responsable e a participar plenamente na vida social e cívica. Baséase na comprensión dos conceptos e estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento da actualidade e no compromiso activo coa sustentabilidade e a consecución de cidadanía global.

### **Competencias en conciencia e expresión cultural**

Implica comprender e respectar a forma en que as ideas, opinións, sentimentos e emocións se expresan e se comunican creativamente nas diferentes culturas e a través dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais.

## **Apuntamentos metodolóxicos**

As propostas de dinamización aquí explicadas son abertas e «inacabadas» e perseguen promover a participación, a reflexión e a análise; son dinámicas de grupo froito da experiencia

nas aulas da educación formal. Porén, como calquera profesional sabe, non existen «receitas máxicas e universais», por iso é moi importante valorar o contexto e as características do grupo concreto co que se vai iniciar a intervención.

### Aspectos a ter en conta

- Empregar as dinámicas de grupo de forma illada, sen ter a debida preparación, pode ter efectos contraproducentes, chegando a reforzar estereotipos e prexuízos. Cada actividade proposta terá que adaptarse ás características do grupo, xa que terá unha traxectoria propia que é importante coñecer.
- O obxectivo que se persegue non é encher un espazo dentro do currículo formal, senón producir cambios actitudinais máis que facilitar contidos e conceptos.
- As actividades que se expoñen pretenden ser un exemplo das que se poden facer nas aulas, pero cada persoa deberá facer as súas propias adaptacións e innovacións para acadar o mellor resultado.

**OLLO!** Para conseguir isto, o profesorado deberá cambiar o seu rol na aula e colocarse como facilitador. Facilitar significa axudar a entender o tema a tratar sen tomar partido e empregar ferramentas que lle permitan ao grupo chegar a un consenso nos desacordos que poidan xurdir. Para favorecelo, as dinámicas propostas preséntanse cunha metodoloxía activa, baseada no intercambio de ideas e no traballo persoal. Isto crea un clima no que ás persoas participantes lles resulta doado falar das súas propias emocións, opinións e preocupacións.

# SOÑOS COMPARTIDOS

(Parte 3)

A construción dos nosos soños ven determinada, en moitas ocasións, polo noso propio autoconceito e autoestima, a influencia que exercen en nós as persoas que nos importan, que nos queren e coas que convivimos ao longo da vida e tamén as expectativas que temos sobre o noso futuro. Por iso, as persoas adultas que acompañan a mocidade deben crear espazos seguros nos que falar dos seus desexos, das súas necesidades e tamén dos seus talentos e oportunidades para axudarlles a pensar en positivo, en grande, e poder proxectar soños... Soños compartidos!

As propostas de dinamización que se describen a continuación están organizadas en dúas partes para axudar a planificar a intervención:

- **Antes**, dinámicas para traballar de forma previa a ver a obra de teatro.
- **Despois**, con dinámicas para traballar unha vez vista a obra teatral.

Decidir que dinámica é a máis adecuada para o grupo co que queiramos traballar será función de cada quen, tendo en conta que resulta importante ter unha planificación previa. Todas as dinámicas están deseñadas para desenvólvense na aula, é dicir, en 50 minutos.



### ESPAZO DE BOTRATO

É importante explicarlle ao grupo que pretendemos construír un espazo de respecto e escoita da diversidade de corpos, vidas e opinións; somos persoas que sentimos, pensamos e conectamos con outras persoas. Somos seres diversos. Nestas dinámicas buscamos comunicarnos con respecto e botrato.

Que deberiamos establecer para construír este espazo de botrato? Pactamos as normas do espazo: respecto, escoita, confidencialidade e non vulgar. Convidamos o grupo a incluír os acordos de botrato que vexan necesarios para sentirse ben e con seguridade no espazo.

**OLLO!** É importante ter en conta que o pacto funciona en todas as direccións: entre as persoas participantes, delas cara á persoa facilitadora; pero tamén desta persoa cara ás participantes.

### ANTES DE VER A OBRA

Proposta de dinámicas grupais para desenvolver antes de ver a obra de teatro.

#### Os obxectivos son

- Crear un espazo de diálogo onde reflexionar sobre o estigma e os estereotipos da mocidade tutelada.
- Analizar a nosa propia mirada cara ás persoas tuteladas, tratando de recoñecer a causa desas ideas preconcebidas.

## DINÁMICA 1: Primeiras impresións

### Recursos

Papel e rotuladores

### Desenvolvemento

#### Apertura

---

Sentamos en círculo e pedímoslle ao alumnado que pense na seguinte pregunta: se tiveras un superpoder, cal escollerías e para que?

A idea é practicar a expresión propia e a escoita activa, por iso as normas de botrato deben estar moi claras.

#### Corpo

---

Dividimos a aula en grupos de 3 ou 4 persoas. Dámoslle a cada grupo un folio en branco e pedímoslles que saquen os rotuladores. Cada grupo deberá debuxar o retrato robot (reconstrución plástica dunha persoa da que se carece de imaxes fidedignas) dunha persoa tutelada de 16 anos, para o que deben pensar e plasmar no papel o aspecto que tería. A parte, deberán dar resposta ás seguintes cuestións: nome, ocupación, procedencia, gustos, cal é a causa da tutela e que soños ten.

Unha vez rematado, cada grupo presentará os seus retratos robot.

Ao finalizar, vémoslos en conxunto:

- Que hai en común?
- En que se inspiraron para facer o exercicio?

- Cren que representa a realidade das e dos menores tutelados en Galicia?
- Vense reflexados nalgunhas das cuestións abordadas?

*Unha vez feito o foro, podemos poñer algún vídeo da campaña «Non nos xulgues»<sup>1</sup>:*

### **Peché**

Comentamos co grupo como se sentiron e sacamos entre todas as persoas un par de reflexións/aprendizaxes da dinámica. Por exemplo: que son os estereotipos e como actúan na sociedade? Como pensades que lle poden afectar as etiquetas ás persoas tuteladas?

**OLLO!** Débese deixar claro que todas as persoas somos distintas e vivimos realidades diversas, polo que debemos tratar a xente sen caer nos estereotipos que, en moitas ocasións, fannos perder a oportunidade de coñecer mellor as persoas que temos ao redor.


Os **estereotipos** son imaxes mentais ou ideas preconcebidas que construímos sobre outras persoas. Trátase de representacións esquemáticas e simplificadas dun grupo de persoas ás que definimos a partir de certas características, calidades e habilidades.

*Apoio visual: experimento danés que nos recorda o doado que é encaixar as persoas<sup>2</sup>.*

1 <https://nonnosxulgues.gal/>

2 <https://www.youtube.com/watch?v=fXBxOaLcMZg>

## DINÁMICA 2: De que dependen os sonhos?

 **Recursos** espazo amplo e catro cartolinas grandes de cores ou papel mural. Rotuladores para o alumnado.

### **Desenvolvemento**

#### Apertura

---

Facemos un círculo coas cadeiras e propoñémoslle ao alumnado que pense na seguinte cuestión: se puideras pedir un soño real (algunha meta que queiras conseguir), cal sería?

Trátase de practicar a expresión propia e a escoita reflexiva, polo que debemos garantir as normas de botrato acordadas anteriormente.

#### Corpo

---

Dividimos a clase en catro zonas, nas que poñemos carteis con estas catro palabras DEBILIDADES, AMEAZAS, FORTALEZAS, OPORTUNIDADES para crear os nosos soños.



FACTORES INTERNOS		FACTORES EXTERNOS	
-	<p><b>DEBILIDADES</b> Limitacións</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Cales son os meus defectos?</li> <li>· En que podo mellorar?</li> <li>· Que me separa do que quero/obxectivos/soños?</li> </ul>	-	<p><b>AMEAZAS</b> Dificultades</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Que «pedras» (elementos externos) entorpecen ou dificultan o meu camiño, a miña vida, o meu benestar, os meus soños?</li> </ul>
+	<p><b>FORTALEZAS</b> Talentos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Cales son as miñas mellores calidades/virtudes?</li> <li>· E as miñas habilidades?</li> <li>· Que fago mellor que outras persoas?</li> </ul>	+	<p><b>OPORTUNIDADES</b> Necesidades</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>· Que recursos teño ao meu alcance?</li> <li>· Que elementos (externos) poden axudarme?</li> <li>· Cales me apetece ter ou necesitaría para cumprir os meus soños?</li> </ul>

Dámoslles 10 minutos para que cada persoa, de forma individual, pase polas catro zonas nas que terá que contestar as preguntas sinaladas e aportar as súas ideas, opinións ou sentimentos sobre as distintas cuestións.

Cando rematen, faise unha posta en común atendendo ás seguintes preguntas:

- Considerades que todas as persoas partimos do mesmo punto ou da mesma realidade? De que depende?
- Pensades que unha moza ou mozo tutelado respondería o mesmo?
- Credes que as persoas tuteladas teñen máis dificultades á hora de alcanzar os seus soños?

- Pensades que as súas necesidades son as mesmas?
- Considerades que as etiquetas inxustas coas que cargan en moitas ocasións condicionan o seu futuro? E os seus soños?
- Que podemos facer nós para que isto cambie ou teñan as mesmas oportunidades?

### Peché

Escribimos no encerado a frase «Non importa cal sexa o punto de partida, a meta á que queremos chegar é a mesma» e pedímoslles que compartan en voz alta o que lles suxire esa mensaxe, que significa, que lles fai sentir, etc.

**OLLO!** É importante non dar por suposto que, se o punto de partida é diferente, os soños non son os mesmos e, que se cumpran ou non, igual ten que ver cos estereotipos e as ideas preconcebidas que podemos ter na sociedade.

Os soños son, segundo o dicionario da RAG:

1. Aquilo que un/unha imaxina durante o sono, percibíndoo como se fose real.
2. Aquilo ao que se aspira ou se desexa moito.

**Sinónimos:** afán, anhelo, ansia, aspiración, desexo, ilusión.

## DESPOIS DE VER A OBRA

Proposta de dinámicas grupais para desenvolver co alumnado despois de ver a obra teatral.

### Os obxectivos son

- Crear un clima de confianza e un espazo seguro dentro da aula para fomentar a escoita activa e o debate.
- Facilitar a comprensión da obra teatral ao crear un foro sobre o que viron, pero tamén como o viviron.

## DINÁMICA 3: Comprender a situación

 **Recursos** aula ampla ou con espazo que permita o movemento.

### Desenvolvemento

#### Apertura

Pedímoslle ao alumnado que se levante, que aparte as cadeiras e mesas para facer espazo e poder camiñar. Dicímoslles que camiñen en silencio, observándose e sen tocarse.

#### Corpo

Pedímoslle ao alumnado que volva camiñar polo espazo en silencio e con atención activa ás nosas indicacións. Explicámoslle que, cando atopen unha persoa, deben responder ás preguntas que propoñamos:

- Como te sentes despois de ver a obra de teatro?

Deixamos uns minutos, pedimos que se despidan e volvan conectar interiormente. Logo volven cadrar cunha persoa e comentan:

- Que foi o que máis che impresionou?

Así, sucesivamente, outras preguntas que podemos facer son:

- Que coñecías sobre a situación dos menores tutelados?
- Que emocións e sentimentos experimentaches durante a obra de teatro?
- Que foi para ti o máis destacable?
- Tiveches algunha vez un/unha compañeiro/a tutelado/a?
- Quedouche algunha dúbida sobre o tema?
- Sabías todas as preguntas que se fan para obter a nacionalidade española?
- Que farías ti se esa situación se dera na túa comunidade ou veciñanza?

Para rematar, facemos unha rolda en grupo sobre os aspectos que máis chamaron a atención ou outras cousas que queiran compartir.

### Peche

---

En círculo, pedimos ao alumnado que diga unha calidade positiva da persoa que teñen á esquerda. Pode empezar a persoa que desexe e despois continúaase (pola súa dereita ou esquerda) de xeito continuo ata rematar. Se o temos a man, podemos empregar un balón, igual que fixeron Isa e Alex na obra de teatro.



**OLLO!** Pode ser que ao principio non lles resulte cómodo nin doado falar dunha calidade positiva entón pódese comezar por algo que nos gusta desa persoa ou algo que valoramos. É importante fomentar espazos no que o alumnado aprenda a comunicarse dende o positivo.

#### **DINÁMICA 4: Actuar en consecuencia**

 **Recursos** espazo amplo sen mesas nin cadeiras.

 **Desenvolvemento**

##### **Apertura**

---

Pedímoslles que se levanten. Imos traballar coa expresión non verbal sen facer ningún ruído. A idea é que se expresen converténdose en estatuas, así que imos dicir unha serie de palabras para que expresen co corpo e a cara o primeiro que lles pase pola cabeza ao escoitalas. As palabras son: pinta-da, Aleha, denuncia, Alex, avoa, piso, soño, claves, veciñanza, perruquería, Isa, etc.

Despois facemos un par de preguntas para fomentar a participación oral:

- Que emocións predominaron?
- Que palabra(s) resume(n) todo o vivido no exercicio?

##### **Corpo**

---

Agora pedímoslles que pechen os ollos e imaxinen que no seu edificio ou veciñanza chega unha carta similar á que reciben Alex e Isa. Despois preguntámoslles que farían.

En grupos de 3-4 persoas deberán escribir un breve gui3n sobre como actuarían nesa situación sabendo que pode haber diferentes roles: pai enfadado, Álex e Isa, etc. Pero o cambio virá pola actuación da veciñanza. Pasados 10 minutos pedimos que fagan unha pequena representación do que pensaron.

Ao finalizar faise unha posta en común sobre as seguintes cuestións:

- Custouvos poñervos na pel da veciñanza?
- Como cres que afecta a decisión dos veciños/as na vida dos protagonistas?
- Que pasa cando asumimos unha actitude pasiva ante un conflito?

### **Peche**

---

Pedímoslles que, de xeito individual, rematen a seguinte frase:

“Unha aprendizaxe que me levou deste actividade é que...”

**OLLO!** Aínda que non saian propostas moi factibles, non é relevante. O importante é sentar a falar de alternativas e deixar claro que a pasividade ante as inxustizas non axuda a promover unha sociedade plural e igualitaria coas diferentes realidades.

igaxes=

**Sonhos**  
**UNIDADE DIDÁTICA**